

M^a XESÚS NOGUEIRA PROFESORA DE HUMANIDADES ESPECIALISTA EN CUNQUEIRO

► Profesora en Humanidades, María Xesús Nogueira especializouse na obra narrativa de Álvaro Cunqueiro, do que este ano se cumpre o centenario do seu nacemento. A efeméride servirá para volver afondar na súa obra.

«Queda por catalogar a obra de Cunqueiro en prensa»

TEXTO: MAR M. LOUZA
FOTOS: XESÚS PONTE

CUNQUEIRO FOI o obxecto da tese de doutoramento de María Xesús Nogueira, que dende entón puxo nos estantes outras obras, como 'Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Cunqueiro' (2009), antoloxías e obras de análise da produción narrativa do escritor mindoniense. Cando se cumpren cen anos do nacemento, acaba de compilar os textos que forman 'Viaje a Lugo. Páginas sobre la ciudad', que se presenta hoxe, editado por Alvarellos.

Cúmprese o centenario do nacemento de Cunqueiro, ¿as súas historias seguen tendo vixencia?

Si, segue tendo vixencia o seu xeito de narrar. Quizais agora máis que nunca, porque a partir da década das noventa comezouse a ler a Cunqueiro sen os prexuízos cos que se viña lendo anteriormente. Houbo unha época na que se vía nel un escritor excesivamente imaxinativo, excesivamente fantástico, que non se comprometía coa realidade galega; a medida que o lectorado da literatura galega foi madurecendo, Cunqueiro foi lido dunha maneira máis libre. El dicía da súa obra que sempre haberá alguén a quen lle guste que lle conten un conto, e eu creo que coa súa obra vese un pouco cumprido iso. A todo o mundo lle segue gustando que lle narren unha boa historia.

Cando se fai esa lectura sen prexuí-



María Xesús Nogueira.

|| Cunqueiro achéganos ao ser humano e á relación do ser humano cos seus soños e a capacidade de imaxinar»

zos, que cousas ten que dicir Cunqueiro?

Esa lectura da que falo foi moi marcada nos finais dos sesenta e aínda nos setenta, cando estaba de moda outro tipo de realismo. Mencionaba os noventa porque no 91 dedicáronlle o Día das Letras Galegas, e iso deu pé a que houberse diversas publicacións que achegaron novas lecturas. Non sei se está exactamente nos 90 a fronteira, ou tal vez un pouco an-

tes. Eu creo que a súa dimensión universal vén de que Cunqueiro achéganos ao ser humano e á relación do ser humano cos seus soños e coa súa capacidade de imaxinar e de relacionarse con outras historias, co mundo literario. Creo que iso é o que nos segue a interesar del, xunto coa capacidade de fiar historias.

Queda moito por investigar na obra de Cunqueiro?

A súa narrativa está bastante estudada, quizais en menor medida a súa poesía, menos tamén o seu teatro, e un labor que queda por facer é catalogar a súa obra dispersa e aí está tamén sobre todo a súa obra de prensa. Cunqueiro gañou a vida co xornalismo e ten centos de artigos dispersos en publicacións de aquí e de fóra, entón falta por facer unha catalogación exhaustiva deses textos. Hai que ter en conta que moitos deles conteñen o xermolo dalgunhas historias que logo desenvolveu en forma de libro. Queda un traballo amplo máis de institución que de autor individual.

Por que non se fixo ata agora?

Fixéronse colectáneas e hai volumes que recollen a obra xornalística, pero falta ese traballo, que é inxente, de localizar, clasificar e establecer a relación entre uns textos e outros, e deles con moitas das historias da narrativa curta escrita en galego: 'Escola de menciñeiros', 'Xente de aquí e de acolá' e 'Os outros feirantes'.